

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 14 DE MARZO DE 2011.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 13 horas do día 14 de marzo de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada pola Alcaldía a instancia dos grupos municipais do PP e BNG consonte co disposto no art. 46 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE).

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. MANUEL JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA. (PSG-PSOE).

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a. MIRIAM PIÑEIRO RODRÍGUEZ. (PP).

D. JULIO COUSELO GARCÍA. (PP).

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG).

NON ASISTEN:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA DO CARME ROBLEDO MUIÑA. (BNG), por atoparse enferma segundo manifesta o Portavoz do grupo.

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

1º) INFORMACIÓN SOBRE PROXECTO DE CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE BRIÓN E AMES PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE POLICÍA LOCAL, EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL.

1º) INFORMACIÓN SOBRE PROXECTO DE CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE BRIÓN E AMES PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE POLICÍA LOCAL, EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que é un tema importante para Brión e solicitamos o Pleno extraordinario para solventar dúbidas antes de aprobalo, que sería unha mágoa votar en contra por non ter información e igualmente sinalar como crítica que saiu nos medios de comunicación e dous días antes houbo Pleno ordinario e igual se fixo co protocolo en materia de violencia de xénero que o presentou aos medios e non se convidou aos grupos da oposición, pese a que participamos na súa elaboración.

Segundo o proxecto as ratios de policía locais de Ames é de 0,8 e de Brión de 0,4 e se di que xuntándoos sae de media 0,8 e non me dan os números, cando se emprega a ratio do que se aforrará se pon a ratio de 1,8, e por outra banda está o tema da normativa, non sei se nos pode adiantar algo da reunión que tivo coa consellería, que en Galicia non temos policía autonómica propia, senón adscrita, entón non sei quen vai autorizar isto.

Engade que no tema da policía local isto sería moi bo para Brión, e que se lle sube o soldo aos de aquí para equiparalos, pero os policía locais de Ames teñen un contencioso e se o gañan ¿vaiselles pagar o que consigan?, ¿temos seguridade da actuación do Alcalde de Ames? porque tivo problemas coas nóminas de xaneiro e co pagamento de servizos como a recollida de lixo.

Con respecto ao Grumir, que é un logro seu que lle recoñecemos, a dúbida que teño é que ten competencias nos concellos limítrofes, cando actúa en Ames como fixo o ano pasado cobra ou non?, ¿vaise cobrar ou non?; por outra banda imos pagar 132.000 euros para este servizo ¿vai colaborar Ames?.

Das dezaseis persoas que forman o GRUMIR hai catro que non están a cobrar ¿que postura vaise adoptar durante estes meses? e sobre o seguro dos voluntarios lles daría cobertura en caso de morte?. ¿se fixo a negociación coa policía local e cos representantes do GRUMIR?, ¿están de acordo con este tema?, ¿teñen algún tipo de borrador do convenio?, ¿que cauces legais van seguir neste punto?.

Engade que son preguntas de información para que cando veña ao Pleno o poidamos aprobar sen problemas e remata sinalando que nós entendemos que saímos gañando no tema da policía local.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a nosa posición non é opoñerse a este tipo de acordos pola eficiencia do servizo en si; como plantexamento de partida somos favorables, a nosa crítica ven porque nos parece improcedente que nun asunto de tanta importancia, de tanto alcance, como é a colaboración na prestación dos servizos que prestan os concellos non se consensúe. A nós parécenos que o convenio en sí é moi interesante pero deberá ter o consenso de todos os grupos desde o inicio, que é difícil aprobar un convenio que teña efectos negativos no persoal e nós teñamos que dar a cara desde o principio, por iso hai que velo antes.

Engade que como dixo o Sr. Tomé parécenos inoportuno que o Sr. Alcalde non informara no Pleno ordinario e o fixera na prensa dous días despois; que é importante ter presente os socios cos que nos aliamos, deixarlle claro que asuman o coste político do pactado se o incumpren porque todos sabemos o que pasa co Alcalde de Ames.

O Sr. Alcalde sinala que xa se lles deu información o outro día na reunión dos portavoces, pouco máis podo dicirlles, creo que se fixo ben, que a idea xurde en novembro do ano pasado e a partir dese momento pónome en contacto co Concello de Ames e pedimos asesoramento e nos fixeron un proxecto de colaboración con Ames, se nos entrega cando se nos entrega e os dous concellos o fixemos público, sendo unha facultade nosa sair na prensa, logo demos coñecemento aos interesados, douselle a información aos partidos, deuselles o proxecto que teño eu e nesa xuntanza dos portavoces estivo presente o autor do proxecto para que fixeran as preguntas que vostedes estimasen oportunas; o seguinte paso era poñelo en coñecemento da Comunidade Autónoma, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, porque entendemos que é a competente por ter competencias en materia de coordinación de policía locais.

Engade que son dúas cousas diferentes, no tema da policía local hai que seguir o que di a lei, se ben é certo que é a primeira vez que se fai, non só en Galicia senón no Estado, e pode

haber dúbidas; o seguinte paso será a convocatoria para negociación colectiva de persoal laboral e funcionarios polos concellos, a partir de aí hai que remitir a documentación do número de habitantes, e as necesidades nunha memoria.

En materia de protección civil sería un simple convenio de colaboración cunha comisión para a coordinación.

Engade o Sr. Alcalde que a información foi moi ben dada e estráñame que digan o do protocolo porque se lles presentou no Pleno e antes que a ninguén e se dixo que vostedes participaron.

Con respecto as dúbidas sobre as ratios, que Ames ten 0,86 e no momento de poñerse con Brión sae 0,83; Brión sae gañando sen ningunha dúbida, tanto en persoal como en material e aportamos un oficial para poder ter tres quendas para cubrir as 24 horas, que é necesario chegar a esa ratio porque se pretende ter esa policía local os 365 días do ano e por iso sae a ratio.

Como órgano competente é a Comunidade Autónoma porque é quen ten competencias de coordinación de policía locais, e con respecto ao dito sobre o Alcalde de Ames hai que dicir que aquí quenes van convenir son institucións, non persoas, que fixemos a negociación necesaria para este tema e os acordos están por encima das persoas.

Con respecto ás emerxencias nós prestamos servizos en Ames, que é un servizo que non ten e debe telo por ter máis de 20.000 habitantes; temos un GRUMIR e temos o compromiso da FEGAMP e da consellería de reestruturar este servizo e sería unha garantía de que este servizo de Brión quedaría se se convenía.

Por encima o Concello de Brión non pode seleccionar aos policía locais necesarios por poboación e tampouco pode facelo polo que establece a Lei de orzamentos xerais do Estado respecto dos límites para a selección de novo persoal e ademais sea beneficiado porque desde o primeiro día tería persoal capacitado traballando.

Engade que todo o mundo fala da mancomunidades para prestación de servizos,... etc, pero ao final non se fai, espero que isto saia adiante para poder beneficiarnos todos, o primeiro paso é a convocatoria da Mesa de Negociación dos traballadores afectados, e eu non teño máis nada, vostedes teñen o proxecto e saben tanto coma mín; que na reunión co Conselleiro ao principio tiña moi claro que era o Ministerio quen debía autorizar isto e pouco despois xa non o tiña claro, e que se dependía da Consellería o autorizarían e se dependía do Ministerio se comprometían a informalo favorablemente e que se non podía ser este ano sería para o ano teríamos colaboración económica da Consellería, creo que vamos por bo camiño porque imos ter apoio da Consellería e espero tamén que do Pleno.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que as dúbidas eran polo tema económico, xa sei que ao mellor non me pode informar agora, pero o tema do servizo de emerxencias, se pagamos 132.000 euros e se o 77% das intervencións foron en Ames, ¿van aportar economicamente?, e o tema de persoal a dúbida era polos tres meses que están sen cobrar e respecto da policía local a dúbida era polo contencioso, se o gañan teríamos que volver a aportar cartos e o tema do seguros dos voluntarios, ¿están cubertos en caso de defunción?.

O Sr. Alcalde sinala que os voluntarios están asegurados desde o primeiro día; esperemos que ese prazo de tres meses que non cobraron non volva a pasar, pero foi por causa da consellería, que deberían estar cubertos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro, que esperemos que non haxa vacíos na prestación dos servizos, e que segundo nos dixeron na reordenación de emerxencias vaise facer durante todo o ano e infórmolle que non se duplica o número de quilómetros porque é o que se está a facer agora, se está a prestar o servizo aos concellos da

comarca, só que en lugar de dicir que o servizo é do Concello de Brión será de Ames e Brión, que así cumpriría coa lei, que non se lle aumentan nin funcións nin quilómetros.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo pregunta se se cobran os servizos de Grumir en Ames. O Sr. Alcalde sinala que temos unha ordenanza e di o que custa cada actuación, pero todos sabemos cando hai a quen cobralle, home se algún fixera un uso indebido, de broma, se lle pasarían os custos, nunca tivemos ningún problema e evidentemente o Concello de Ames deberá logo aprobar a mesma ordenanza, e a policía tampouco pasa a traballar máis horas e cobrarán todos o mesmo, que o contencioso de Ames non afecta ao tema económico, senón á clasificación de postos e por outra banda deben facer negociación en Ames e remata sinalando que nós a partir de agora temos que facer:

1º) Negociacións.

2º) Certificacións do número de habitantes e memoria.

3º) Aprobación do convenio e remisión á Xunta de Galicia.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non considero correcto dicir quen sae máis ou menos beneficiado.

O Sr. Alcalde sinala que eu non dixen iso, eu defendín os beneficios que vai ter Brión porque me corresponde defender a este Concello, non que sexa mellor para Brión que para Ames.

O Sr. Concelleiro continua sinalando que en Ames no debate político está ese tema sobre a mesa, de que quen sae máis beneficiado é Brión, e que protección civil ten un orzamento moi alto e a eles lles preocupa asumir ese custe porque parece que lle vai sair moi caro, alí circula esa idea, que o Alcalde de Ames deu un paso e agora parece que vai cara atrás polos costes, creo que vostede na información que deu tamén dixo que Brión sairía beneficiado, penso que hai que retomar este tema, evitar falsos debates, porque parece claro que Ames ten que asumir gastos en protección civil.

O Sr. Alcalde sinala que eu pódolles asegurar que este estudo o fixo xente que pediu os datos aos concellos e eles calcularon un aforro de 800.000 euros, e practicamente aforra cada concello un 50%, eu nunca dixen que Brión sairía beneficiado, pero estamos en Brión e defendes a Brión, o que non supón é incremento de gasto porque non se crea ningún órgano novo e remata sinalando que eu penso que ningún dos dous concellos gana máis que o outro, pode parecer que Brión terá máis policía local pero Ames terá un servizo que por lei debe ter, creo sinceramente que con isto gañamos todos, se trata de prestar máis servizos con menos cartos dados os tempos que corren.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e un minuto, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.
Vº e Prace.

O Secretario.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.